

A RAPAZA DO CIRCO



(Carlos Casares, Vento ferido)

Mirou pola fiestra. Víase a carpa do circo que se erguía entre os carballos do feiral.

Está castigado. Cando el saía, a sesión da tarde terá rematado. E despois de cear non o deixarán ir.

A cousa empezou por culpa dunha aposta. Os de quinto estudaban na aula II, que tiña acceso directo desde o portal sen pasar polas demais dependencias do colexio. Podían ver a rúa e meterse coas rapazas que pasaban sen que ninguén os vixiase. Cando viron a Anne, avisárono:

- Mira a francesiña do circo.

El coñeceuna de casualidade. Unha tarde, a eso das seis, estaba sentado nun banco do xardín e advertiu que se achegaba unha rapaciña loira, de melenas longas, vestida cun pantalón corto. Con acento francés preguntoulle onde

podería atopar un médico. Acompañouna. Polo camiño ela díxolle que era trapecionista do circo e que seu pai, un antigo xendarme, atopábase malo (pouca cousa: talvez unha mala dixestión), e que pedira que lle levasen un médico. El a penas falou. Ao chegaren á clínica indicoulle: «Aquí». Ela deulle as grazas e invitouno a pasar pola taquilla, onde lle facilitaría un par de entradas para a función das oito.

Foi. Antes de se subir ao trapecio, a rapaza, vestida de pescadora, cantou. Na metade da canción dirixiuse á butaca que ocupaba el e botoulle o sedal da cana, mentres lle dicía entre os risos de todos: «Pica, pica, pececito».

Volvéronse atopar ao día seguinte.

Despois víronse tódolos días. Pasaban as tardes no río. Deitábanse na area. Enterrábanse. Nadaban. Ela faláballe de Marsella, da súa infancia. El pechaba os ollos e imaxinaba aquela rúa fronte do porto, os barcos que Anne despedía cun pano branco desde o faiado, a tía Françoise, Jules... ¿Como sería aquel Jules que lle dera o primeiro bico no portal?

-Era loiro, coma min. E moi apencado.

-¿Lémbreste del?

El tiña un sombreiro de palla sobre dos ollos para tornar o sol. Volveulle preguntar:

-¿Lémbreste del?

Sentiu os labios dela que se pousaban nos seus. Foi como un trallazo. Unha ledicia branca nacíalle dentro do corazón.

Despois bicáronse. Bicáronse moitas veces. E ela apoiou a súa cabeza no peito del.

Pronto correu a noticia de que se vían no río. Na casa rifáronlle. «¡O que me faltaba -dixera seu pai-, un fillo titiriteiro!».

Pero seguíanse vendo ás agachadas.

Hoxe os compañeiros de quinto desafiárono.

-A que non es home de subila para aquí...

Non o dubidou. Asomouse á ventá e chamouna:

-¡Anne...!

Subiu. Recibiuna no vestíbulo e metéronse no laboratorio. Pecharon a porta por dentro e taponaron o buraco da pechadura cun cacho de papel. Os de quinto armaban barullo fóra. El ensinoulle as bolboretas, as pedras, os lagartos e as cobras metidos en formol... Pediulle un alfinete e picouse nun dedo. Amosoulle o sangue a través do microscopio.

-¿Sabes unha cousa? -dixo ela.

-¿Que?

-Que nos imos mañá.

Colleuna pola cintura e bicouna.

E naquel momento chegou o director.

Cando saía, será xa de noite e terase que ir para a casa sen vela, sen lle explicar, sen lle dicir o que ocorreu. E despois

de cear dirá: «Quero ir ao circo». E o seu pai responderá: «Non». Entón ira á cama. E pensará: «Os vellos non saben». E os vellos (non tan vellos), na súa habitación nin sequera se lembrarán del e da francesiña Anne. E el ha tardar en durmir, pero durmirá. ¿Durmirá?.

Mañá, ao se erguer, sentirase triste. Máis triste que ninguén. ¿E que será de Anne? Non a volverá ver. ¿Nunca máis? Nunca.

Ergueuse moi cedo. Marchou correndo ao campo da feira. No sitio do circo só quedaba un redondel.